

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2024, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO "PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar con ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024, nas instalacións da entidade emprazadas na Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Aldeas Infantiles SOS Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa" mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos/ás menores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento do menor acollido, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores, para o cal ofreceranse outros servizos complementarios, que permiten especializar e focalizar a intervención nas necesidades do menor, os seus proxenitores e a súa familia acollidora a través dos seguintes servizos:

- Servizo de apoio especializado
- Servizo de formación



A través deste programa establécese o obxectivo prioritario deste convenio: a consecución do benestar dos menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Por outra banda, Aldeas Infantiles SOS Galicia é a única entidade a nivel autonómico que ofrece un proxecto que promocióne e preste apoio ao acollemento en familia extensa, ademais achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos propios e/ou de subvencións recibidas por esta, o que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que "por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública".

Pola súa banda o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.

A Consellería de Política Social e Xuventude financiará a Aldeas Infantiles SOS de Galicia para a execución deste convenio 173.353,44 € na aplicación orzamentaria 11.02.312B.481.0 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

Aldeas Infantiles SOS de Galicia comprométese a achegar a cantidade de 319.556,04 € procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

A sinatura deste convenio require de autorización previa do Consello da Xunta.

O número de casos previstos que se atendan coa aplicación deste convenio será de 130.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

